

Consello de Contas
de Galicia



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2012

ÍNDICE

MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2012	5
MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTES AO EJERCICIO 2012.	6
1. INTRODUCCION.	6
2. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.	6
3. FUNCIÓN FISCALIZADORA	12
4. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS	16
4.1 PERSOAL.....	16
4.2 FORMACIÓN.....	17
4.3 BIBLIOTECA E ARQUIVO.....	18
4.4 SERVIZO DE INFORMÁTICA	21
4.4.1 PROXECTOS DE CONSULTORIA	21
4.4.2 PROXECTOS DE SISTEMAS	21
4.4.3 FORMACIÓN.....	22
4.4.4 PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS	22
5. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL.....	24
6. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA.....	26
6.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EJERCICIO 2012.....	26
6.1.1 CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS.	26
6.1.2 OBRIGAS E PAGAMENTOS.	27
6.2 EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO EJERCICIO 2012	30
6.2.1 PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓNS.....	30

MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2012

En cumprimento do previsto nos artigos 20 da Lei de Galicia 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas e 63 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2012, composta polos seguintes documentos:

DOCUMENTOS	
-	Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2012.
-	Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2012.
-	Ditame sobre financiación público-privada.
-	Informe sobre contas rendidas en 2012 correspondentes ao exercicio 2011.
INFORMES DE FISCALIZACIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA:	
	Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2010
	Programas de investigación, desenvolvemento e innovación, ex. 2009-2010
	Fondos Europeos, ex. 2010
	Eleccións ao Parlamento de Galicia, 2012
	Conta Xeral do Sergas, ex. 2010
	Fiscalización selectiva Fundación Pública de Medicina Xenómica
	Conta Xeral das entidades locais de Galicia, ex. 2010
	Concello de Santiso, ex. 2010
	Concello de Antas de Ulla, ex. 2010
	Concello das Nogais, ex. 2010
	Concello de Agolada, ex. 2010
	Concello de Rodeiro, ex. 2010
	Concello de Noia, ex. 2010
	Concello de Carballeda de Avia, ex. 2009
	Cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas das entidades locais de Galicia

Non se achega o informe previsto na letra e), apartado 2, do artigo 63 do Regulamento, sobre actividades xurisdicionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Contas, ao non producirse ningunha delegación do devandito tribunal nese sentido. En consecuencia o Consello de Contas non realizou ningunha actividade respecto diso en 2012.

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2012.

1. INTRODUCCIÓN.

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego, foi creado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Galicia 6/1985 que regula a súa organización e funcionamento foi modificada posteriormente pola Lei 4/1986, do 26 de decembro. O Tribunal Constitucional na súa Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou, entre outras cuestións, que as competencias do Consello de Contas en materia de axuizamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Contas.

Por Acordo do 2 de xuño de 1992 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, do Parlamento de Galicia, aprobouse o Regulamento de Réxime Interior da institución, ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das súas actividades produciuse o 1 de marzo de 1991, ao tomar posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados aos tres anos, isto é en xullo de 1994, para así poder axustar os nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1995, 1997, 2000, 2003, 2007 e 2009 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.

2. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.

A composición orgánica do Consello de Contas foi establecida polo art. 6 da citada Lei 6/1985. Segundo o disposto no mesmo, son órganos da Institución o Pleno, o Conselleiro Maior, a Comisión de Goberno, as Seccións de Fiscalización e Axuizamento e a Secretaría Xeral. As funcións que corresponden a cada un destes órganos figuran detalladas nos artigos comprendidos entre os números 7 e 11 do antedito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización e axuizamento xunto con outras de réxime interno; os



outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuizamento, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno. Doutra banda, as atribucións do Conselleiro Maior, consisten na representación institucional, na presidencia do Pleno e da Comisión de Goberno, nas convocatorias das súas sesións e na xestión interna (exercer a xefatura superior de persoal, ordenación de gastos e pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras). A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio aos anteriores.

En virtude do disposto no artigo 8.1º da Lei de Galicia 6/1985, do 24 de xuño, o dous de setembro de 2010 o Pleno do Consello de Contas acordou, por unanimidade, propoñer ao Presidente da Xunta de Galicia o nomeamento de D. Luciano Fariña Busto como Conselleiro Maior, por expiración do mandato de D. Antonio López Díaz. O nomeamento levouse a cabo mediante o Decreto 141/2010, do 7 de setembro, producíndose a toma de posesión ao día seguinte.

Por outro lado, o 2 de setembro de 2010, o Pleno da Institución acordou, por unanimidade, a designación dos novos presidentes das Seccións de Fiscalización e de Axuizamento, recaendo, respectivamente, en D. Antonio López Díaz e D. Xesús C. Palmou Lorenzo, así como a adscrición dos Conselleiros ás distintas áreas de fiscalización.

En sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2012, o Pleno do Consello de Contas de Galicia, acordou o cese, por petición propia, do Secretario Xeral, D. Ulpiano L. Villanueva Rodríguez, dispoñendo nesta mesma sesión o nomeamento de D. Juan M. Rodríguez Rodríguez.

O día 27 de novembro de 2012, faleceu o conselleiro D. José Antonio Orza Fernández, polo que o Pleno da Institución, en sesión extraordinaria celebrada o día 5 de novembro de 2012, acordou a adscrición da súa área de fiscalización ao Conselleiro Maior, ata que o Parlamento de Galicia proceda á cobertura da vancante.

Por conseguinte, resulta axeitado deixar constancia do fondo pesar de todo o persoal da Institución polo lamentable falecemento do Sr. Orza Fernández e recordar o seu esforzo e adicación en beneficio do Consello de Contas de Galicia, así como a súa bonhomía, demostrada ao longo da súa estancia nesta casa, polo que sempre nos acompañará a súa memoria.

En consecuencia, ao 31 de decembro de 2012, a composición do Pleno é a seguinte:

Memoria de Actividades 2012

Presidente: Excmo. Sr. D. Luciano Fariña Busto
Vocais: Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz
Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo
Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo

Secretario: Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Rodríguez Rodríguez

Na mesma data, a Comisión de Goberno está integrada polos seguintes membros:

Presidente: Excmo. Sr. D. Luciano Fariña Busto
Vocais: Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz
Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo
Secretario: Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Rodríguez Rodríguez

A adscrición dos Conselleiros ás diferentes áreas prodúcese da seguinte forma:

- Áreas de Coordinación Xeral e de Conta Xeral: Excmo. Sr. D. Luciano Fariña Busto
- Área do Sergas: Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo
- Área Institucional: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo
- Área de Corporacións Locais: Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz

A actividade dos órganos colexiados no exercicio 2012 queda reflectida no seguinte cadro.

Órganos Colexiados	Nº de sesións
Comisión de Goberno	12
Pleno	5
Sección de Fiscalización	5
Sección de Axuizamento	
Total Sesións	22


A actividade do Consello de Contas no exercicio 2012 deu lugar ao seguinte movemento de documentos desde e para a Institución.

Entrada de documentos: 1.542


Saída de documentos: 1.709

Xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das seccións de fiscalización e axuizamento e, outro da administración en xeral.

ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2012



ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN



3. FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a Lei 6/1985 sinala que o sector público galego está composto pola Administración Autonómica e as entidades locais, así como os seus organismos autónomos e empresas dependentes, as cámaras agrarias, da propiedade, de comercio, industria e navegación, confrarías de pescadores e outras de natureza equivalente. A Lei de Galicia 10/1996, somete á fiscalización do Consello ás fundacións constituídas maioritariamente ou na súa totalidade polas entidades da Comunidade Autónoma mencionadas ou ás que os seus ingresos proveñan maioritariamente de subvencións con cargo aos orzamentos da Comunidade, sempre que nos seus órganos de goberno ou dirección formen parte representantes da comunidade autónoma.

Como órgano estatutario, que emana do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Contas ou do Tribunal de Contas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financieira e contable do sector público de Galicia, as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten, ademais, encomendada a emisión de ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos, en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse, ben a iniciativa do propio Consello de Contas, que os inclúe no plan de traballo que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia, ou ben a iniciativa deste último.

Os informes poden ser de dous tipos: de regularidade e operativos. Nos informes de fiscalización de regularidade verifícase o cumprimento da legalidade das contas anuais do ente fiscalizado, mentres que nos informes de fiscalización operativos analízanse a eficacia ou grao de cumprimento de obxectivos, a eficiencia ou relación entre medios empregados e resultados, así como a economía, ademais doutros posibles aspectos como a equidade, ecoloxía, etc. Pódese dar o caso de que un informe de fiscalización sexa integral: (de regularidade e operativo) ou pode ser sectorial (persoal, contratación, subvencións, etc).

Os informes, na fase de anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométense ás alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase,

pola área correspondente, un proxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización, que acorda o seu paso ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas e ao Tribunal de Contas.

A continuación recóllense nun cadro os datos do trámite seguido nos informes.

INFORME	TRÁMITE					
	FINAL TRABAJO DE CAMPO	APROBACIÓN ANTEPROX. SECC. FISCALIZACIÓN	ENVÍO ALEGACIÓNS	RECEPCIÓN ALEGACIÓNS	APROBA. PROXECTO INFORME SECC. FISCALIZACIÓN	APROBACIÓN INFORME PLENO
Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2010.	31/05/2012	24/07/2012	27/07/2012	03/09/2012	18/12/2012	18/12/2012
Contratación realizada polo centros e entidades da Comunidade Autónoma suxeitos á Lei de contratos do sector público	(1)					
Programas de formación para o emprego e mellora da empregabilidade	(1)					
Programas de investigación, desenvolvemento e innovación, ex. 2009-2010	31/05/2012	18/12/2012	02/01/2013	08/02/2013	23/04/2013	15/05/2013
Fondos de Compensación Interterritorial, ex. 2010	03/06/2013	04/07/2013	05/07/2013	(2)		
Fondos Europeos, ex. 2010	15/01/2013	06/06/2013	11/06/2013	08/07/2013	22/07/2013	22/07/2013
Eleccións ao Parlamento de Galicia, 2012.	09/04/2013	23/04/2013	24/04/2013	Non houbo	15/05/2013	15/05/2013 (3)
Conta Xeral do Sergas, ex. 2010	27/04/2012	24/07/2012	26/07/2012	17/09/2012	18/12/2012	18/12/2012
Prestación de Servizos Sanitarios a pacientes alleos ao ámbito de cobertura ordinaria do Sergas e o seu financiamento	12/04/2013	22/07/2013	(2)			
Fiscalización selectiva Fundación Pública de Medicina Xenómica	21/12/2012	19/03/2013	20/03/2013	Non houbo	06/06/2013	11/07/2013
Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia: Consello; A Coruña; Ferrol; Santiago de Compostela; Pontevedra; Lugo; Ourense; Vigo; Vilargarcía de Arousa; Tui. Resumo.	(1)					
Conta Xeral das entidades locais de Galicia, ex. 2010	14/02/2013	----	----	----	19/03/2013	20/03/2013
Concello de Santiso, ex. 2010	09/11/2012	23/04/2013	24/04/2013	Non houbo	06/06/2013	11/07/2013
Concello de Antas de Ulla, ex. 2010	05/02/2013	23/04/2013	24/04/2013	Non houbo	06/06/2013	11/07/2013
Concello das Nogais, ex. 2010	20/12/2012	23/04/2013	24/04/2013	Non houbo	06/06/2013	11/07/2013
Concello de Mondoñedo, ex. 2010	(1)					
Concello de Triacastela, ex. 2010	(1)					
Concello de Agolada, ex. 2010	31/10/2012	23/04/2013	24/04/2013	21/05/2013	06/06/2013	11/07/2013
Concello de Rodeiro, ex. 2010	12/04/2013	06/06/2013	07/06/2013	18/07/2013	22/07/2013	22/07/2013

Memoria de Actividades 2012

Concello de Noia, ex. 2010	12/06/2013	04/07/2013	05/07/2013	Non houbo	22/07/2013	22/07/2013
Concello de Carballeda de Avia, ex. 2009	08/01/2013	23/04/2013	24/04/2013	20/05/2013	06/06/2013	11/07/2013
Concello de Xinzo de Limia, ex. 2009	(1)					
Reparos e recoñecementos extraxudiciais de obrigas	(1)					
Cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas das entidades locais de Galicia	20/12/2012	----	----	----	19/03/2013	20/03/2013

- (1) Informe co traballo de campo rematado e os demais trámites en proceso, que será remitido ao Parlamento de Galicia logo da súa aprobación polo Pleno do Consello.
- (2) Informe en tramitación que será remitido ao Parlamento de Galicia logo da súa aprobación polo Pleno do Consello.
- (3) Informe correspondente ao Plan de traballo de 2013.

O 29 de xaneiro de 1993, o Consello de Contas presentou ao Parlamento de Galicia o seu primeiro informe de fiscalización do sector público galego, referente ao exercicio 1990.

Desde 1993 á data actual, o Consello de Contas de Galicia vén presentando de forma ininterrompida ao Parlamento de Galicia os informes de fiscalización de cada exercicio.

O 3 de agosto de 2012 presentouse no Parlamento de Galicia a Memoria de Actividades e as contas da Institución correspondentes ao exercicio 2011 (presentación que se completou o 10.04.2013, pois no primeiro envío faltaban determinados informes como consecuencia da ampliación do prazo para formular alegacións concedida aos órganos xestores auditados), estando integrada polos seguintes documentos:

DOCUMENTOS	
<ul style="list-style-type: none"> - Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2011. - Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2011. - Informe sobre contas rendidas en 2011 correspondentes ao exercicio 2010. 	
INFORMES DE FISCALIZACIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA:	
Tomo I	Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da conta xeral da comunidade autónoma e Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2009
Tomo II	Análise de xestión nas áreas de subvencións e contratación: revisión dos programas orzamentarios de gastos incluídos nas funcións 32, Promoción do Emprego e 52, Urbanismo
Tomo III	Fondos Europeos, ex. 2009
Tomo IV	Fondos de Compensación Interterritorial, ex. 2009
Tomo V	Informe de fiscalización da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
Tomo VI	Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas, ex. 2009-2010
Tomo VII	Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), ex. 2009
Tomo VIII	Conta Xeral do Sergas, ex. 2009
Tomo IX	Resolución das listas de espera a través da autoconcertación e da concertación con centros privados, ex. 2009-2010
Tomo X	Servizos de Urgencias Hospitalarias: Hospital Universitario de A Coruña, ex. 2010; Hospital Universitario de Santiago de Compostela, ex. 2010; Complexo Hospitalario de Pontevedra, ex. 2010; Hospital Comarcal de Monforte, ex. 2010; Hospital Comarcal de Valdeorras, ex. 2010. Resumo do resultado das fiscalizacións dos Servizos de Urgencias Hospitalarias, ex. 2010
Tomo XI	Conta Xeral das entidades locais, ex. 2009
Tomo XII	Informe Xeral das entidades locais, ex. 2009
Tomo XIII	Informes de fiscalización de Concellos: Alfoz, ex. 2009; Calvos de Randín, ex. 2009; Carballedo, ex. 2009; Corcubión, ex. 2009; Covelo, ex. 2009; Dodro, ex. 2009; Lobeira, ex. 2009; Navia de Suarna, ex. 2009; Rois, ex. 2009; Salceda de Caselas, ex. 2009; Sober, ex. 2009; Vilamartín de Valdeorras, ex. 2009

Os informes de fiscalización comprendidos na presente Memoria 2012, correspondentes ao exercicio 2010, atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es. Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso porse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.

4. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS

4.1 PERSOAL

A Relación de Postos de Traballo do Consello de Contas de Galicia, aprobada polo Acordo Plenario de data 05.10.2005 e publicada no DOG nº 6 de 10.01.2006, con data de efectos do 01.01.2006, foi modificada durante o ano 2012 mediante Acordo do Pleno da Institución, do 20.07.2012, publicado no DOG nº 148, do 03.08.2012.

Esta modificación consistiu na creación dun novo posto de Auditor, de nivel 28, así como na eliminación dun posto de traballo de Asesor.

Ao longo do exercicio 2012 desenvolvéronse os seguintes procedementos de libre designación para cubrir as prazas deixadas vacantes polo cesamento dos seus titulares:

DATA CONVOCATORIA	DATA RESOLUCIÓN	DENOMINACIÓN	Nº
14.12.2011 (DOG nº 248 do 19.12.2011)	09.02.2012 (DOG nº 56 do 21.03.2012)	Técnico de Auditoría	1
24.07.2012 (DOG nº 152 do 09.08.2012)	21.09.2012 (DOG nº 204 do 21.10.2012)	Auditor N. 28	1

A estrutura do persoal resultante do exercicio, a 31 de decembro de 2012, é a seguinte:

PERSOAL FUNCIONARIO			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	CON DOTACIÓN ORZAMENTARIA	OCUPADAS	VACANTES
Auditor, nivel 30	10	10	0
Interventor	1	1	0
Letrado Maior, nivel 30	1	1	0
Letrado, nivel 28	1	1	0
Auditor, nivel 28	6	6	0
Xefe Servizo Informática	1	1	0
Xefes de Sección	3	3	0
Técnico de Informática	1	1	0
Técnicos de Auditoría	20	20	0
Axudantes de Auditoría	15	12	3
Axudante Arquivo e Biblioteca	1	1	0
Administrativo de Informática.	1	1	0
Secretaria/o do Secretario Xeral	1	1	0
Aux.-Admvo. (secretario/a n. 30)	2	2	0
Auxiliar-Admvo., nivel 16	16	16*	0
TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO	80	77	3

* 9 Prazas ocupadas por persoal interino

PERSOAL LABORAL			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	CON DOTACIÓN ORZAMENTARIA	OCUPADAS	VACANTES
Conductor de Alto Cargo	6	6	0
Conserxe	1	1	0
Subalterno	1	1	0
TOTAL PERSOAL LABORAL	8	8	0

PERSOAL EVENTUAL			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	CON DOTACIÓN ORZAMENTARIA	OCUPADAS	VACANTES
Asesor	2	0	2
Técnico Asesor	1	0	1
Secretaria/o	5	5	0
TOTAL PERSOAL EVENTUAL	8	5	3

Por outra banda, no referido á negociación colectiva e á representación e participación do persoal, a Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario do Consello de Contas de Galicia constituída o día 15 de decembro do 2008, seguiu mantendo reunións durante o ano 2012, co obxecto de alcanzar un acordo xeral sobre a normativa reguladora do persoal funcionario da Institución.

4.2 FORMACIÓN

O oito de xullo de 2008 asinouse un convenio de colaboración coa "Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público" (FIASEP). Coa firma deste convenio o Consello de Contas adquiriu a condición de entidade colaboradora de FIASEP, integrándose, en consecuencia, como membro de pleno dereito no Consello Superior de Actividades da fundación, ostentando a partir dese momento a facultade de nomear un representante no pleno do devandito consello, así como en todas as comisións creadas no seu seo. Así mesmo, a Institución alcanza un trato preferente no campo da formación impartida pola fundación, tanto mediante cursos de ámbito xeral como en termos de formación a medida para o persoal ao seu servizo.

No seguinte cadro reflíctense os cursos convocados polo FIASEP nos que participou persoal da Institución ao longo do exercicio 2012:

Cursos realizados en 2012

CURSOS FIASEP	Nº PARTICIPANTES
Cuestións Polémicas da Contratación Pública	28
V Congreso Nacional de Auditoría	16
TOTAL	44

Por outra banda, persoal do Consello participou nas actividades que se indican a continuación:

Cursos realizados en 2012

OUTROS CURSOS	Nº PARTICIPANTES
Certificación de Auditor de Sistemas (ISACA)	1
Foro de Ciencia e Innovación (Universidade de Alcalá)	1
Curso Microsoft Word 2010 (Ministerio de Educación)	1
Primeiras Xornadas Técnicas de Auditoría (Colexio de Economistas de A Coruña)	1
XIX Encontro de Economía Pública (Universidade de Santiago de Compostela)	1
Foro de Transparencia e Bo Goberno na Administración Local	1
I Congreso de Saúde Ambiental (EGAP)	1
Foro de Educación do Centro de Estudos (Universidade de Alcalá)	2
Os Arquivos no E-Labirinto (ANABAD Galicia)	1
Congreso Internacional de Contratación Pública (Universidade de Vigo)	1
Curso de Especialización en Administración Local (Universidade de Santiago de Compostela)	1
Curso Superior de Linguaxe Administrativa Galega (EGAP)	19
Curso Medio de Linguaxe Administrativa Galega (EGAP)	12
Curso Formación Ferramenta Informática IDEA (SAFE Consulting Goup)	20
Sector Público: Organización, Xestión Económica e Control (EGAP)	2
TOTAL	65

4.3 BIBLIOTECA E ARQUIVO.

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade administrativa de apoio ás tarefas de control, específicas do Consello de Contas de Galicia. A súa función é a xestión dos recursos de información nunha tripla dimensión: información que se produce no exercicio da actividade institucional (documentación de arquivo); información externa, precisa para a realización de tarefas administrativas e de control (recursos bibliográficos e documentais) e información pública da organización (publicacións institucionais).

Para o desenvolvemento das súas funcións propias dun servizo de Biblioteca, realiza actividades de carácter técnico, de tratamento da información, así como tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da biblioteca e os de localización e adquisición de fondos e documentos. Os datos que resumen o seu funcionamento neste sentido son os seguintes:

Rexistros catalogados 2012

Monografías novo ingreso	Publicacións seriadas	Exemplares publicacións seriadas	Analíticas de periódicas e monográficas	Total
224	4	296	480	1.004

Rexistros dados de baixa 2012

Monografías novo ingreso	Publicacións seriadas	Exemplares publicacións seriadas	Analíticas de periódicas e monográficas	Total
149	12	490	---	651

Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2012

Rexistros Monografías	Rexistros Publicacións seriadas	Rexistros exemplares publicacións seriadas	Rexistros Analíticas de periódicas e monográficas	Total
9.344	403	9.407	9.412	28.566

O persoal da Biblioteca presta servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese estimar que durante o ano 2012 a Biblioteca recibiu 1.300 visitas entre o persoal da Institución.

Os datos reflectidos no seguinte cadro recollen o número de solicitudes atendidas pola Biblioteca nos servizos de Préstamo a domicilio e de acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante eses servizos:

Servizos aos usuarios 2012

Fondos bibliográficos	Número de Solicitudes	Número de ítems
Préstamo a domicilio	744	744
Préstamo interbibliotecario	0	0
Acceso ao documento	29	149 copias

Rexistro Mercantil	Número de Empresas	Número de solicitudes
	21	
Certificacións literais		1
Contas e outra información		31

Memoria de Actividades 2012

Ademais dos servizos de atención personalizada, de cuxa actividade dan conta os cadros anteriores, a Biblioteca presta outros servizos de referencia e difusión da información, empregando as seguintes vías:

- O módulo OPAC, que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da Biblioteca e acceder aos artigos de revistas a texto completo ou aos sumarios das monografías de maior interese.
- A intranet da institución que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da Biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual e permite unha difusión práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.
- O correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da Biblioteca ou como vía de difusión de información de interese.

No cadro seguinte queda constancia do número de consultas efectuadas ao catálogo OPAC e aos recursos e servizos da Biblioteca na Intranet:

Consultas 2012

Consultas no OPAC	Consultas na INTRANET					
	Información Xeral	Alertas Dialnet	E-Biblioteca	Taboleiro	Boletín electrónico	Total Intranet
228	1.746	176	796	802	439	3.959

No relativo á **documentación de Arquivo**, esta unidade desempeña as funcións propias dun arquivo central, realizando tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución.

Durante o ano 2012, no arquivo entraron 114 unidades de instalación, transferidas desde as unidades de xestión e as áreas de fiscalización, que foron reinstaladas e descritas ao longo do ano. Por outra parte, atendéronse 11 solicitudes de consulta e préstamo de documentación realizadas desde las oficinas y áreas de fiscalización, servíndose un total de 14 unidades documentais. Os datos quedan recollidos no seguinte cadro resumo:

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	TOTAL
Ingresadas	82	---	25	---	5	2	114
Descritas	323	---	927	---	---	---	1.250
Prestadas	4	---	3	1	---	6	14
Reprografía							
	Nº de solicitudes			Nº de copias			
	---			---			---

No ámbito da xestión documental hai que destacar o deseño, xunto co Servizo de Informática, do procedemento de tramitación electrónica dos informes de fiscalización para su elevación os órganos de goberno, establecéndose normas de xestión dos documentos relativas á súa identificación, almacenamento e remisión á Secretaría Xeral, co obxectivo de garantir a súa autenticidade, seguridade e custodia no repositorio de arquivo electrónico corporativo do Consello de Contas.

Igualmente, en colaboración co Servizo de Informática, participouse no deseño dunha base de datos, que estará operativa no 2013, para o control da recepción dos contratos das administracións públicas que, consonte á normativa vixente de contratos do sector público (Art. 29 do TRLCSP) e á normativa de réxime local, son presentados ante o Consello. A tal fin, elaboráronse propostas de incorporación de elementos de control da xestión documental tales como: data de captura, identificadores de serie documental, de agrupación documental, de expediente e unidade documental, amais doutros elementos necesarios para o control da xestión dos documentos xa transferidos ao Arquivo.

4.4 SERVIZO DE INFORMÁTICA

4.4.1 PROXECTOS DE CONSULTORIA

1. Actuacións en materia de seguridade

1.1 Creación do Comité de Seguridade.

Unha vez aprobada a Declaración da Política de Seguridade da Información do Consello de Contas de Galicia, constituíuse o Comité de Seguridade que velará dende diferentes ámbitos pola seguridade da información no Consello.

4.4.2 PROXECTOS DE SISTEMAS

1.- Migración de Teammate a un entorno centralizado.

O *Teammate* implantouse no Consello como ferramenta de xestión das auditorías na súa versión distribuída con instalacións de cliente en cada equipo e funcionando sobre repositorios de proxectos no sistema de arquivos de *Windows*.

No 2012 fíxose a migración a un entorno centralizado cunha *BD SQL Server* e unha *interface web* que aporta unha mellora de rendemento e mantemento do sistema. Para a posta en marcha do entorno centralizado foi necesario atender estes aspectos:

- Migración das librerías e dos proxectos para o seu almacenamento na base de datos central.
- Migración dos usuarios existentes e centralización da súa xestión (*TeamAdmin*).

4.4.3 FORMACIÓN

No 2012 o Consello de Contas organizou un curso sobre a ferramenta de análise de datos *IDEA*, de *Caseware* para o seu persoal técnico de auditoría. Realizouse en varios módulos que cubrían dende o introdutorio, ata o avanzado e as aplicacións avanzadas con *IDEAScript*.

4.4.4 PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS

1. Xestión do censo do sector institucional

Tras detectar a necesidade de unificar a información existente no Consello relativa ao sector institucional de Galicia, levouse a cabo un proxecto de consolidación dos datos nunha base de datos única e unha aplicación en *Access* que permite:

- A creación e xestión de fichas de censo de entidades do sector institucional de Galicia.
- O control e seguimento da rendición destas entidades.

2. Catalogación de documentación e control de rendición de entidades locais

No 2012 levouse a cabo un desenvolvemento web para migrar unha aplicación existente realizada en *Access* que permitía complementar a información dispoñible na plataforma de rendición de contas das entidades locais nos seguintes aspectos:

- CATALOGACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REMITIDA POLAS ENTIDADES LOCAIS: Con esta funcionalidade permítese a procura por diferentes filtros (CIF, estado, ano, etc.) para atopar a documentación (formato electrónico) das entidades locais de Galicia e poder catalogala e almacenala no repositorio centralizado segundo criterios arquivísticos. Móstrase un listado por rexistro de entrada no Consello, podendo visualizar, modificar, gardar e eliminar a información de catalogación da documentación asociada ao mesmo. Dentro desta funcionalidade pódense realizar outras accións:
 - Mover a documentación nas carpetas de almacenamento do repositorio.

- Imprimir etiquetas para carpetas e folia para traspasos a arquivo, utilizando *Reporting Services* para o seu deseño.
- CONTROL DE ESTADO DE RENDICIÓN: Esta funcionalidade permite establecer un estado actual de rendición da conta dunha entidade local en particular segundo os criterios establecidos no Consello de Contas. Pode visualizarse, modificar, gardar ou eliminar a información do estado de rendición dunha entidade, que posteriormente se publica no portal **www.rendiciondecontas.es**

3. Análise de datos da contabilidade local con ferramentas de intelixencia empresarial (BI)

Grazas á rendición a través da plataforma o Consello de Contas dispón dunha base de datos con toda a información contable das entidades locais de Galicia. É necesario, polo tanto, explotar toda esta información cunha ferramenta que permita analizar de forma conxunta e que se poidan configurar informes de forma flexible e dinámica.

Para iso as ferramentas de *Business Intelligence (BI)*, que son de propósito xeral e aplicables a diferentes ámbitos de consolidación da información do Consello, víronse como adecuadas para este tipo de explotación da información contable.

A implantación desta ferramenta contemplou os seguintes fitos:

- Adquisición dunha ferramenta de *Business Intelligence* e dos servizos de instalación e configuración da mesma nos equipos do Consello de Contas.
- Creación dunha base de datos analítica coa información consolidada de diferentes orixes de datos que actualmente se utilizan na área corporacións locais.
- Desenvolvemento dos procesos de extracción, transformación e carga de información (*ETL*) necesarios.
- Soporte aos usuarios na elaboración das análises dinámicas e *reportings* iniciais sobre a ferramenta.
- Formación técnica nos distintos módulos de administración da ferramenta.

Para a posta en marcha deste proxecto empregáronse diferentes orixes de datos da área de corporacións locais entre as que destacan a base de datos de catalogación de documentación e control de rendición e as bases de datos da plataforma de rendición de contas cos datos contables de cada entidade.

4. Repositorio centralizado de documentación.

Os procedementos de fiscalización que actualmente se desenvolven no Consello de Contas xeran gran parte da súa documentación en formato electrónico. Para incorporar aos procedementos as garantías necesarias de custodia, seguridade e autenticidade da documentación das fiscalizacións establecéronse normas que regulan aspectos da xestión dos documentos, como os formatos, o almacenamento e as transferencias.

O expediente de fiscalización abrangue toda a documentación dunha fiscalización: a documentación aportada polo contadante, os papeis de traballo e a documentación administrativa que debe incluír, entre outros documentos, o anteproxecto nas súas diversas fases, o proxecto e o informe definitivo aprobados polos órganos competentes do Consello de Contas.

Como primeiro paso para organizar toda esa documentación en formato electrónico dos expedientes de fiscalización, creouse un repositorio centralizado e aprobouse a súa instrución de funcionamento, establecendo o procedemento de xestión dos anteproxectos, proxectos e informes de fiscalización definitivos en formato electrónico, para a súa identificación, almacenamento e remisión á Secretaría Xeral con garantías de seguridade.

5. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha axeitada difusión do labor desenvolvido por este órgano.

Así, no ano 2012 o Consello, representado polo Conselleiro Maior, participou na reunión da Conferencia de Presidentes de Ocxex (Órganos de Control Externo de España) celebrada en Vitoria os días 21, 22 e 23 de marzo.

A Institución estivo presente, a través dos seus Conselleiros, en distintos actos, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- Presentación do Informe do "Tribunal de Cuentas Europeo", celebrada o 10 de febreiro en Madrid.
- Foro de Transparencia e Bo Goberno na administración pública, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno, da Universidade de Alcalá, en Alcalá de Henares, o 22 de marzo.
- Conferencia do RIDEA, celebrada os días 11 e 12 de abril en Oviedo.

- Seminario sobre Endebedamento dos Gobernos Locais, organizado pola "State Audit Office of Hungary" e celebrado en Budapest os días 16, 17 e 18 de abril, participando o Conselleiro Maior, D. Luciano Fariña Busto, coa presentación da ponencia titulada "Déficit e endebedamento das Corporacións Locais en España. Particular referencia a Galicia. Situación actual e perspectiva".
- Xornada sobre Finanzamento Municipal e Control das Contas Locais, organizada pola "Sindicatura de Cuentas de Castilla La Mancha", que tivo lugar o 22 de maio en Toledo
- Foro de Educación, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno, da Universidade de Alcalá, celebrado en Valencia os días 23 e 24 de maio.
- Acto de presentación no Senado da plataforma informática "Portal rendición de cuentas", celebrado o 4 de xuño en Madrid.
- Xornadas sobre a lei de estabilidade orzamentaria, organizadas pola Fundación FIASEP, os días 17 ao 19 de xuño, en Madrid; 3 e 4 de outubro, en Madrid, 8 ao 11 de outubro, en Barcelona, nas que actuou como coordinador D. Antonio López Díaz.
- XVI Xornadas Latinoamericanas de Dereito Tributario, celebradas en Madrid, entre o 2 e o 7 de setembro, nas que o Conselleiro D. Antonio López Díaz presentou a ponencia titulada "Tributación medioambiental en España: Comunidades Autónomas e Corporacións Locais".
- Foro de Enerxía, celebrado en Barcelona os días 13 e 14 de setembro.
- V Congreso Nacional de Auditoría Pública, celebrado os días 21, 22 e 23 de novembro, en Madrid, formando parte do seu Comité Organizador o Conselleiro Maior, D. Luciano Fariña Busto, no que o Conselleiro Díaz López presentou a ponencia "Novos requirimentos para o control no marco do equilibrio e sostenibilidade financeira" e o Conselleiro D. Ramón Núñez Gamallo a titulada "Propostas para un mellor control e unha meirande transparencia na colaboración público-privada".
- Xornadas sobre contratos do sector público, réxime tributario e incidencia no déficit público, organizadas pola Universidade Complutense de Madrid e celebradas o 28 e o 29 de novembro, en Madrid, nas que o Conselleiro D. Antonio López Díaz presentou a ponencia "Control e límites da colaboración público-privada".

Ademais, en Toledo, celebrouse o acto de entrega do XIV Premio da revista Auditoría Pública, publicación periódica na que o Consello de Contas participa achegando un membro aos seus Consellos de Dirección e de Redacción, respectivamente, e publicando diversos artigos relacionados coa materia por parte do persoal técnico da Institución.

O Consello de Contas, como membro de EURORAI (European Organization of Regional External Public Finance Audit Institutions), participou nas reunións do seu Comité Directivo, celebradas en Valencia, os días 8, 9 e 10 de marzo, e en Vilna, os días 18 e 19 de outubro, así como no "III Foro Internacional de Auditoría do Sector Público", celebrado en Sidney do 12 ao 15 de marzo, no que o Conselleiro D. Antonio López Díaz presentou a ponencia "Auditoría pública en España". Igualmente, participou no "Seminario sobre calidade das auditorías do Sector Público rexional e local, levadas a cabo polos órganos de control externo", donde o Conselleiro Maior, D. Luciano Fariña Busto, presentou a ponencia titulada "Calidade e auditoría pública -unhas reflexións en momentos de crisis-".

6. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA

6.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2012

6.1.1 CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS.

O orzamento de gastos do Consello de Contas correspondente ao exercicio 2012, segundo establece a Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2012 consigna créditos para gastar na Sección 02 nomeada Consello de Contas por importe de 7.172.527 €

O destino dos créditos é financiar:

- Gastos por operacións correntes. Consignando para esta finalidade 6.617.645 €, que representan o 92,26% dos créditos iniciais. Dentro do gasto corrente destaca o destinado a gastos de persoal e a gastos en bens correntes e servizos por importes de 5.227.431 € e 1.387.509 € que representan respectivamente o 72,88% e o 19,35% do orzamento.
- Gastos por operacións de capital e activos financeiros. Destacando pola contía o importe destinado a investimentos reais 518.821 € que representan o 7,23 % do orzamento inicial.

Os créditos iniciais foron obxecto de tres modificacións:

- Unha transferencia interna por importe de 54.902 € entre créditos do capítulo I "gastos de persoal" consecuencia da creación na RPT dun posto de funcionario e da amortización dunha praza de eventual, así como do axuste de pequenas insuficiencias
- Unha modificación de crédito externa referida á incorporación de remanentes de crédito do exercicio anterior por importe de 280.551 € suplementando o concepto 622 de investimentos reais destinado as obras de substitución do sistema de aire acondicionado do edificio.

- Outra transferencia externa por importe de 1.608.943,21 € dando de baixa no orzamento do Consello as dotacións non utilizadas a fin de exercicio.
- Estas modificacións supuxeron a minoración do 18,52 € dos créditos iniciais.

Por capítulos as cifras e porcentaxes de créditos iniciais, modificacións e definitivos son:

CAPÍTULOS	C. INICIAIS	% CRÉDITOS	MODIFICACIÓNS		C. DEFINITIVOS	% VARIACIÓN
		S/ ORZAMENTO	POSITIVAS	NEGATIVAS		CAPÍTULOS
I	5.227.431,00	72,88	54.902,00	872.894,94	4.409.438,06	-15,65
II	1.387.509,00	19,35	0,00	482.028,05	905.480,95	-34,74
IV	2.705,00	0,04	0,00	705,00	2.000,00	-26,06
VI	518.821,00	7,23	280.551,00	295.640,00	503.731,80	-2,91
VIII	36.061,00	0,50	0,00	12.577,02	23.483,98	-34,88
	7.172.527,00	100,00	335.453,00	1.663.845,21	5.844.134,79	-18,52

6.1.2 OBRIGAS E PAGAMENTOS.

As obrigas recoñecidas ascenderon á cantidade de 5.823.022,56 €, o que supón a execución do 81,19 % dos créditos iniciais.

Os pagamentos realizados importaron 5.679.654,32 €, polo que o 97,54% das obrigas recoñecidas durante o exercicio foron canceladas e o 79,19% dos créditos iniciais foron gastados e pagados. Queda pendente o pagamento de obrigas por importe de 143.368,24 €.

Das obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores, por importe de 75.715,88 €, foron cancelados 73.712,24 €, quedando pendentes de pago 2.003,64 €.

Por capítulos de gasto as cifras e porcentaxes de obrigas e pagamentos son:

CAPÍTULOS	C. INICIAIS	OBRIGAS	% OBRIGAS S/ C. INICIAIS	PAGAMENTOS	% PAGAMENTOS S/ OBRIGAS	% PAGAMENTOS S/ C. INICIAIS
I	5.227.431,00	4.405.927,85	84,29	4.354.666,22	98,84	83,30
II	1.387.509,00	887.878,93	63,99	114.993,16	96,97	62,05
IV	2.705,00	2.000,00	73,94	2.000,00	100,00	73,94
VI	518.821,00	503.731,80	97,09	438.497,98	87,05	84,52
VIII	36.061,00	23.483,98	65,12	23.483,98	100,00	65,12
	7.172.527,00	5.823.022,56	81,19	5.679.654,32	97,54	79,19

A execución por capítulos é a seguinte:

- **Capítulo I "gastos de persoal"**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
10 "ALTOS CARGOS"	385.639,00	348.048,03	90,25	5,98	348.048,03	90,25
11 "PERSONAL EVENTUAL"	217.477,00	114.993,16	52,88	1,98	114.993,16	52,88
12 "FUNCIONARIOS"	3.193.938,00	2.802.558,50	87,75	48,13	2.802.558,50	87,75
13 "LABORAIS"	261.199,00	228.142,35	87,34	3,92	228.142,35	87,34
15 "INCENTIVOS AO RENDIMENTO"	326.965,00	288.515,31	88,24	4,96	288.515,31	88,24
16 "COTAS, PRES. GASTOS SOCIAIS"	842.213,00	623.670,50	74,05	10,71	572.408,87	67,97
	5.227.431,00	4.405.927,85	84,29	75,66	4.354.666,22	83,30

O importe destinado a gastos de persoal é de 5.227.431,00 € e representa o 72,88% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 4.405.927,85 €, o que supón que o 84,29% dos créditos destinados a gastos de persoal foron gastados e que os non gastados ascenderon a 821.503,15 €.

Tendo en conta a orixe legal das obrigas de gastos de persoal, os remanentes son consecuencia, fundamentalmente da non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.

- **Capítulo II "gastos correntes en bens e servizos"**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
20 "ALUGUERES E CANONS"	62.057,00	47.837,93	77,09	0,82	43.809,83	70,60
21 "REPARACIÓN, MANT. E CONS."	280.069,00	176.824,15	63,14	3,03	176.206,54	62,92
22 "MATERIAL SUMIN. E OUTROS"	932.526,00	612.898,94	65,73	10,49	590.671,86	63,34
23 "INDEMNIZ. POR RAZÓN SERV."	102.380,00	46.736,91	45,65	0,80	46.736,91	45,65
27 "PUBLICACIÓNS"	10.477,00	3.581,00	34,18	0,06	3.581,00	34,18
	1.387.509,00	887.878,93	63,91	15,19	861.006,14	62,05

O importe destinado a gasto en bens correntes e servizos é de 1.387.509,00€ e representa o 19,35% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 887.878,93€, polo que o 63,99% dos créditos foron gastados e os non gastados supuxeron 499.630,07 €.

Estes remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e do seguimento dunha política de restrición de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

- **Capítulo IV “Transferencias correntes”**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
49 "TRANSFER. Ó EXTERIOR"	2.705	2.000,00	73,94	0,03	2.000,00	73,94
	2.705	2.000,00	73,94	0,03	2.000,00	73,94

O importe destinado a gasto en transferencias correntes é de 2.705 € e representa o 0,04% do total do orzamento inicial desta Institución. O importe executado é de 2.000,00 €, o que implica que o 73,94% dos créditos foron gastados e que os non gastados supuxeron 705,00€.

O destino da transferencias é a cobertura financeira da participación do Consello de Contas como membro da Organización Europea das Institucións Rexionais de Control Externo do sector público (EURORAI).

- **Capítulo VI “Investimentos reais”**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
62 "INV. NOVO ASOCIADO Ó FUNC. OP. DOUS SERVIZOS"	424.157,00	487.509,71	114,94	8,37	425.436,71	100,30
63 "INV. DE REP. ASOCIADO Ó FUNC. OP. DOUS SERVIZOS"	94.664,00	16.222,09	17,14	0,28	13.061,27	13,80
	518.821,00	503.731,80	97,09	8,65	438.497,98	84,52

O importe destinado a gasto en investimentos reais é de 518.821,00 € e representa o 7,23% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 503.731,80 €, o que supón que o 97,09% dos créditos foron gastados e que os non gastados supuxeron 15.089,20 €.

A explicación de que no artigo 62 as obrigas e pagamentos superen os créditos iniciais débese á incorporación, autorizada durante o exercicio, de remanentes de crédito do exercicio anterior por importe de 280.551,00€

Os remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de investimento e da realización estrita das necesarias.

- **Capítulo VIII “Activos financeiros”**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
83 "CONCESIÓN PRÉSTAMOS FORA DO SECTOR PÚBLICO"	36.061,00	23.483,98	65,12	0,40	23.483,98	65,12
	36.061,00	23.483,98	65,12	0,40	23.483,98	65,12

A finalidade é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables. Polo tanto o importe fórmulase con carácter precautorio e o gasto está en función das peticións formuladas.

O importe destinado a gasto en concesión de anticipos é de 36.061 € e representa o 0,50% do importe total do orzamento inicial. O importe concedido é de 23.483,98 €, polo que o 65,12% dos créditos foron gastados, ascendendo os non gastados a 12.577,02€.

6.2 EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO EXERCICIO 2012

6.2.1 PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN

Como consecuencia das cifras consignadas para gastos, a execución e a actividade financeira desenvolvida, efectuáronse as previsións, dereitos e recadación seguinte:

CAPITULOS	PREVISIÓNS INICIAIS	DEREITOS RECOÑECIDOS	RECADACIÓN	PENDENTES DE COBRAMENTO
3 "TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS"	0,00	1.321,71	1.321,71	0,00
4 "TRANSFERENCIAS CORRENTES"	6.617.645,00	5.288.377,03	5.210.253,28	78.123,75
5 "INGRESOS PATRIMONIAIS"	0,00	6.108,04	6.097,37	10,67
6 "ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS"	0,00	330,00	330,00	0,00
7 "TRANSFERENCIAS DE CAPITAL"	518.821,00	503.401,80	438.167,98	65.233,82
8 "ACTIVOS FINANCEIROS"	36.061,00	23.483,98	10.901,50	12.582,48
	7.172.527,00	5.823.022,56	5.667.071,84	155.950,72

A recadación dos dereitos pendentes de cobramento de exercicios anteriores foi polos importes e conceptos seguintes:

CAPITULOS	SALDO INICIAL DEREITOS	RECADACIÓN	PENDENTES DE COBRAMENTO
4 "TRANSFERENCIAS CORRENTES"	73.318,88	71.315,24	2.003,64
5 "INGRESOS PATRIMONIAIS"	30,61	30,61	0,00
7 "TRANSFERENCIAS DE CAPITAL"	19.471,08	19.471,08	0,00
8 "ACTIVOS FINANCEIROS"	7.714,23	7.500,00	214,23
	100.534,80	98.316,93	2.217,87